REPARTO XUSTO

Ingredientes:

- Póster “Alimentos para todos”.
- Lapis de cores, catro por grupo (vermello, azul, amarelo e verde).
- Unha fotocopia, preferiblemente en tamaño A3, da ficha de traballo para cada grupo.

Preparación previa:

Os grupos 1, 2 e 3 representan, respectivamente, os países desenvolvidos, os países en desenvolvemento e os países menos desenvolvidos. Os datos sobre a cantidade de comida de cada grupo, representados pola cantidade de cadros que poden colorear, están sacados de “Perspectivas agrícolas 2013-2022. OCDE -FAO 2013”.

O grupo 4 non simboliza ningún tipo de país. Os alimentos que lle corresponden representan a proporción de alimentos que desperdiciamos en España (18%). Acháronse sumando as cantidades do resto dos grupos e sacando ese 18%.

Elaboración:

- Dividir a clase en 4 grupos e repartir a cada grupo a súa ficha de traballo. Procurar que os distintos grupos non saiban as cantidades de alimentos de que dispoñen os demais.
- Pedir que lean as instrucións. Comentar e aclarar para que todos entendan o que deben facer. Unha vez que estea todo claro, cada grupo realiza o seu traballo.
- Unha vez que todos os grupos realizaron a súa ficha, recolleranse e colgaranse nun lugar visible da aula.
- Unha persoa de cada grupo explica os alimentos de que dispoñían e como os repartiron.

Sobremesa:

- Comentar en común coa axuda das pautas e preguntas que aparecen a continuación:
    - Que é o primeiro que chama a atención ao ver os cadros dos grupos?

Manos Unidas
CAMPAÑA CONTRA EL HAMBRE



- Cremos que os distintos grupos tiñan alimentos suficientes?
- Que pode haber en exceso nuns grupos?, falta algo noutros?
- Cal vos parece o máis equilibrado?
- Parécenos xusto a repartición de alimentos que se fixo?
- A que país creedes que pode representar o voso grupo, ou a que continente?

- Deixar que comenten. Ao final, explicar o que representan os grupos. Centrar a reflexión no significado do grupo 4 que representa ao desperdicio de alimentos en España.
  - Sorprendeuvos?, imaxinabádelo?
  - Que vos parece que os alimentos que se desperdician superen as cantidades de que dispoñen outros grupos?
  - Erades conscientes da cantidade de alimentos que se malgastan? e da cantidade de persoas que poderían alimentarse con ela?

- Para pechar a reflexión, colgar o póster “Alimentos para todos” nun lugar visible da aula e centrarnos nos datos da parte inferior “Cereal necesario para producir 1 Kg. de”:
  Hai que facer especial mención ao feito de que para producir un quilo de carne necesítanse grandes cantidades de cereais:
  - Erades conscientes da cantidade de cereais que se necesitan para alimentar o gando e producir un quilo de carne?
  - Observando os cadros que enchestes: Sodes conscientes da cantidade de carne que consumimos nos países desenvolvidos?
  - Fixádevos nas fichas que representan aos países en vías de desenvolvemento e no lugar que ocupan os cereais na súa alimentación: Sodes conscientes da cantidade de cereais que se poderían destinar á alimentación humana se non consumísemos tanta carne?

FICHA DE TRABALLO PARA O GRUPO 1

- Tedes unha determinada cantidade de catro tipos de alimentos, cos que debedes completar as cinco comidas recomendadas dunha persoa nun día.
- Para facelo, colorearedes cadrados na táboa de abaixo, xa que cada tipo de alimento está representado por unha cor: **amarelo os cereais** (nas súas múltiples posibilidades: para o leite, galletas, pan, pasta, etc.), **verde o arroz**, **vermello a carne** (que inclúe vacún, porco e aves) e **azul o queixo**.
- De cada alimento, tedes un número máximo de cadros que podedes colorear. Debedes colorear todos os cadros dos que dispoñedes:

Cereais	**66** cadros
Arroz	**12** cadros
Carne	**50** cadros
Queixo	**2** cadros

Organización das comidas

Almorzo																		
Media - Mañá																		
Xantar																		
Merenda																		
Cea																		

FICHA DE TRABALLO PARA O GRUPO 2

- Tedes unha determinada cantidade de catro tipos de alimentos, cos que debedes completar as cinco comidas recomendadas dunha persoa nun día.
- Para facelo, colorearedes cadrados na táboa de abaixo, xa que cada tipo de alimento está representado por unha cor: **amarelo os cereais** (nas súas múltiples posibilidades: para o leite, galletas, pan, pasta, etc.), **verde o arroz**, **vermello a carne** (que inclúe vacún, porco e aves) e **azul o queixo**.
- De cada alimento, tedes un número máximo de cadros que podedes colorear. Debedes colorear todos os cadros dos que dispoñedes:

Cereais	**45** cadros
Arroz	**52** cadros
Carne	**17** cadros
Queixo	**1** cadros

Organización das comidas

Almorzo																		
Media - Mañá																		
Xantar																		
Merenda																		
Cea																		

FICHA DE TRABALLO PARA O GRUPO 3

- Tedes unha determinada cantidade de catro tipos de alimentos, cos que debedes completar as cinco comidas recomendadas dunha persoa nun día.
- Para facelo, colorearedes cadrados na táboa de abaixo, xa que cada tipo de alimento está representado por unha cor: **amarelo os cereais** (nas súas múltiples posibilidades: para o leite, galletas, pan, pasta, etc.), **verde o arroz**, **vermello a carne** (que inclúe vacún, porco e aves) e **azul o queixo**.
- De cada alimento, tedes un número máximo de cadros que podedes colorear. Debedes colorear todos os cadros dos que dispoñedes:

Cereais	**21** cadros
Arroz	**52** cadros
Carne	**5** cadros
Queixo	**0** cadros

Organización das comidas

Almorzo																		
Media - Mañá																		
Xantar																		
Merenda																		
Cea																		

FICHA DE TRABALLO PARA O GRUPO 4

- Tedes unha determinada cantidade de catro tipos de alimentos, cos que debedes completar as cinco comidas recomendadas dunha persoa nun día.
- Para facelo, colorearedes cadrados na táboa de abaixo, xa que cada tipo de alimento está representado por unha cor: **amarelo os cereais** (nas súas múltiples posibilidades: para o leite, galletas, pan, pasta, etc.), **verde o arroz**, **vermello a carne** (que inclúe vacún, porco e aves) e **azul o queixo**.
- De cada alimento, tedes un número máximo de cadros que podedes colorear. Debedes colorear todos os cadros dos que dispoñedes:

Cereais	**24** cadros
Arroz	**21** cadros
Carne	**13** cadros
Queixo	**1** cadros

Organización das comidas

Almorzo																		
Media - Mañá																		
Xantar																		
Merenda																		
Cea																		